

Unha vez coñecida a sentenza favorable á técnica especialista de xardinería e zonas verdes, Piedade Suárez Rosende, esta Sección Sindical esixe, ao reitor da Universidade de Vigo, destitución inmediata do director da Oficina de Medio Ambiente, D. Ignacio Munilla, ao considerar que está asumindo funcións que non lle corresponden ao persoal contratado de forma eventual, tal e como se recolle no último informe que o Consello de Contas realizou sobre a Universidade de Vigo: “...*En opinión deste Consello de Contas, as funcións decisorias e de organización que ten atribuídas o cargo deben quedar excluídas do exercicio por persoal eventual, previsto para o desempeño de funcións de asesoramento.* ([informe Consello de Contas](#) pax. 87,88).

Esiximos, así mesmo, que se restitúan as funcións que lle son propias aos técnicos especialistas de xardinería e zonas verdes, e se lle volvan recoñecer a Piedade Suárez as funcións e o complemento de responsabilidade.

Por último, CC OO, amosa a súa máxima preocupación polas situacións de acoso moral no traballo que se recollen no auto da maxistrada (este tamén é motivo para solicitar o seu ceso inmediato), situacións que polas noticias que estamos a recibir, non só afectan a traballadora demandante senón tamén a outros traballadores e traballadoras que desenvolven as súas funcións en calquera das outras áreas ou servizos da Universidade de Vigo. O mobbing é un gravísimo problema no eido laboral ao que a nosa universidade, non só non lle quere poñer freo, senón que o está a fomentar a través dalgúns dos seus nomeados políticos e cargos de responsabilidade.

Vigo 1 de novembro de 2006

Atentamente

Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical
de CC OO da Universidade de Vigo